



Galicia

Diario dixital da UGT de Galicia

GALICIA
LABORAL**LOITA**
polo **TEU****ÚNETE**

ISSN 1989-3299

Nº 804 Semana do 22 ao 28 de outubro de 2018

INAUGURADA A EXPOSICIÓN “130 ANOS DE LOITA E CONQUISTA” EN VIGO

Permanecerá no Verbum ata o 20 de novembro

Redacción.- UGT inaugurou este xoves en Vigo a exposición itinerante “130 anos de loita e conquista” que está a recorrer todas as provincias españolas, estivo nas últimas semanas en Ourense, dentro dos actos conmemorativos do 130 aniversario do Sindicato que arrancaron o pasado 12 de agosto en Barcelona cun acto que reuniu a cadros e delegados de UGT de toda España.

O acto de inauguración correu a cargo dos secretarios xerais de UGT-Galicia e UGT-Vigo, do responsable de Formación da CEC, do alcalde de Vigo e da presidenta da Deputación de Pontevedra e tivo lugar no edificio Verbum (Casa das palabras), onde permanecerá a exposición aberta ao público ata o 20 de novembro.

Así, con esta exposición, continúan os actos en Galicia conmemorativos deste 130 aniversario da UGT, que xa arrancaron en Ourense coa mesma exposición, e xa no ano 2019 continuarán con actos que se programarán nas provincias de A Coruña e Lugo.

“130 anos de loita e conquista” é unha exposición itinerante que, con motivo da efeméride que se conmemora, recorrerá ao longo deste e do vindeiro ano todas as provincias de España. Unha exposición composta por 20 paneis, 14 deles de carácter histórico e 6 temáticos.

Trátase de repasar os 130 anos de loita obreira nos que UGT estivo sempre ao carón dos traballadores e traballadoras.

En agosto de 1888 ten lugar un acontecemento fundamental da historia do movemento obreiro español: fúndase en Barcelona a Unión Xeral de Traballadores, creada para a defensa dos dereitos e a mellora das condicións de vida da clase traballadora.

A exposición recolle os períodos máis significativos desta longa traxectoria repasando os 130 anos de loita obreira e reivindicación dun mundo máis xusto. Os visitantes poderán atopar as datas e eventos máis importantes destes 130 anos.

Repásanse os principais logros do Sindicato nos anos de protestas, baixo a ditadura de Primo de Rivera, durante a chegada da II



República, durante a Guerra Civil, na época da clandestinidade e o exilio de UGT pola ditadura franquista. Prosigue coa chegada da democracia e a legalización do Sindicato, cos anos 80 nos que se converte en primeira forza sindical e alcánzanse os anos de desavenencias de principios dos 90. A exposición finaliza coa etapa máis moderna, cos novos retos sociais, as alternativas para saír da crise e a recuperación de dereitos laborais.

No acto, o secretario xeral de UGT-Vigo, Ernesto Fontanes, destacou que “cumprimos 130 anos e a finalidade para a que foi fundada UGT continúa vivente”.

Lembrou que a finais do século XIX fúndase en Barcelona a UGT, cun dos seus fundadores máis activos na figura do galego Pablo Iglesias. Dende entón e ata agora foron moitas as cousas que pasaron e UGT sempre xogou un papel activo na defensa dos dereitos e liberdades da clase traballadora. Detrás de cada un dos avances en liberdades e dereitos laborais, económicos e sociais sempre estivo a UGT.

Pola súa banda, o secretario xeral de UGT-Galicia, José Antonio Gómez, explicou que nos vinte paneis que compoñen a exposición compróbase o papel do Sindicato e en Vigo e na provincia de Pontevedra este non foi menor porque se constituíu como o núcleo en Galicia. Os datos de afiliación así o acreditan, xa 1.779 persoas afiliadas en Pontevedra no 1903. Dentro destas organizacións, destaca a importancia das Sociedades de Canteiros (a Sociedade de Vigo inicia a súa actividade en 1892 e en 1893 xa realiza unha primeira folga;

e en 1896 ten a súa primeira vitoria fronte os empresarios para unha subida de soldo) na provincia de Pontevedra (que foron a semente da expansión do movemento obreiro socialista en Galicia), vese claramente no feito de que o 16 de xullo de 1907 se celebrara en Vigo o IV Congreso Nacional (por aquel entón ámbito Estatal) da “Federación de Canteros Marmolistas y Similares”.

Esta presenza a nivel nacional, e a importancia de Vigo, volve a verse coa celebración na cidade olívica do V Congreso Nacional (Estatal) da “Federación de Trabajos en madera” (pertencente á UGT) o 4 de maio de 1914. Nesta cidade (Vigo) créase o xornal obreiro “Solidaridad” (1901), que será o máis importante de Galicia e perdurará ata 1927.

En Vigo tamén terá lugar outra iniciativa de calado na historia do sindicalismo galego, a celebración do Congreso Galaico Portugués, cuxo primeiro obxectivo era rematar coa política empresarial de traer traballadores portugueses en época de folgas. Esta primeira unión entre traballadores de ambos países dará lugar á “Unión Obrera Galaico-Portuguesa”, que estará dirixida dende Viana do Castelo e dende Vigo, sendo presidida por Botana e posteriormente por Araujo.

Outro logro máis do movemento obreiro vigués é a construción, a partir de 1910, da Casa do Pobo, grazas ao diñeiro proveniente da Cooperativa Socialista e o traballo de José Araujo, quen, como mestre canteiro, fixo un im-

[Continúa na páxina seguinte...](#)

...vén da páxina anterior.

portante esforzo por abaratar os custes sen afectar á calidade, podendo estrear a catedral socialista, que segue a ser a columna da UGT hoxe en día, en 1913.

A UGT en Vigo non só era a representación da forza obreira, senón que tamén era valedora da cidade olívica, realizando constantes presións ó Estado para promover, mellorar e ampliar o porto de Vigo, atraer traballos para os estaleiros...

A educación e a formación da clase traballadora foi outra das grandes preocupacións dos líderes obreiros vigueses. Así, promoveron "colonias escolares" nas que se cuidaba tamén a alimentación dos rapaces.

Foron moitos homes e mulleres que loitaron por unha sociedade máis xusta e igualitarias e que o fixeron unidos na UGT, conscientes de que a unión fai a forza. Moitos e moitas sufriron persecución, cadea e, incluso, deixa-

ron a vida neste empeño pola igualdade con maiúsculas.

Hoxe, 130 anos despois, UGT cumpre e seguimos loitando polos mesmos ideais que seguen ameazados polos mesmos intereses de acumulación da riqueza en poucas mans. Hoxe, como fai 130 anos, loitamos por un reparto xusto da riqueza.

Queremos con esta exposición que se tome conciencia de que os dereitos dos traballadores e traballadoras non son algo natural, que forma parte da paisaxe, os dereitos laborais e as liberdades houbo que conquistalos e este é, precisamente, o obxectivo primordial desta exposición, poñer ante nós a realidade de canto custaron esas conquistas e como se chegaron a alcanzar.

Cando se fundou a UGT non existían vacacións, nin xornada de oito horas, había traballo infantil, con esta exposición, coma non rendimos homenaxe aos pioneiros do sindicalismo que abriron o camiño da loita obreira, rendimos homenaxe a todos aqueles compañeiros e compañeiras que acabaron en prisión

ou deixaron a súa vida por loitar pola liberdade e os dereitos dos traballadores e traballadoras.

O secretario xeral de UGT-Galicia diri-xiuse aos asistentes recoñecendo que, seguramente, nos 130 anos de historia o Sindicato cometeu erros. Pero o que é seguro é que os grandes logros e conquistas sociais e laborais do noso país foron da man de algún sindicalista da Unión Xeral de Traballadores.

Ao longo destes 130 anos UGT forma parte da historia política, social e económica do noso país, cun inmemorable propósito de mellora das condicións de vida da clase traballadora e con afán de xustiza, cohesión social e igualdade.

Concluíu con que "UGT é historia viva, os traballadores e traballadoras necesitan dunha UGT forte para conquistar unha saída xusta da crise, que permita ás persoas vivir con dignidade e recuperar o estado de benestar".

Animou a todos a aproveitar esta conmemoración para coller impulso cara o futuro.

RECOÑECER O CANCRO NA CONTORNA DO TRABALLO PARA PODER PREVILO

Redacción.- A secretaria de Saúde Laboral e Medio Ambiente de UGT, Ana García de la Torre, participou na Xornada Técnica do Instituto Nacional de Seguridade e Saúde no Traballo (INSST), "Traballos saudables. Alerta fronte a substancias perigosas" que se celebra no marco da Semana Europea para a Seguridade e Saúde no Traballo 2018.

Destacou que nos centros de traballo é común a exposición ao risco químico e biolóxico e "produciuse un aumento significativo da exposición de traballadores que manipulan substancias químicas ou respiran vapores de disolventes ou diluantes e, neste sentido, aínda que existe unha ampla lexislación sobre substancias perigosas na contorna laboral, é necesario seguir mellorándoa e vivir o seu cumprimento".

"As condicións nas que se desenvolve o traballo afectan directamente á saúde dos traballadores", explicou, "e segundo datos da OIT, as enfermidades relacionadas co traballo aínda supoñen cada ano ao redor de 2,4 millóns de mortes no mundo, das que 200.000 ocorren en Europa".

Ana García de la Torre subliñou que "entre estas enfermidades relacionadas co traballo, debemos destacar o cancro de orixe laboral, xa que se producen ao redor de 120.000 casos cada ano na UE como resultado da exposición a carcinógenos, algo que supón uns 80.000 falecementos ao ano".

"No caso de España, segundo a OIT e a OMS, falecen anualmente preto de 8.700 homes e 850 mulleres debido a cáncros de orixe laboral pero a falta de recoñecemento deste tipo de enfermidade está a privar aos afectados das prestacións derivadas da continxencia profesional e, á vez, os enormes custos asociados ao tratamento destes cáncros están a ser soportados polo Sistema Público de Saúde cando deberían ser asumidos polas mutuas", afirmou.

"Ao non ser recoñecidos como laborais, é coma se non existisen aos ollos da prevención de riscos, por iso é absolutamente primordial solucionar o problema da infradeclaración do cancro na contorna do traballo, que haxa unha revisión periódica da listaxe de enfermidades profesionais española e que se revisen os criterios para declarar unha enfermidade como profesional", engadiu.

Resaltou que, tal e como demanda a Confederación Europea de Sindicatos, é necesario revisar a directiva europea de exposición a axentes carcinógenos ou mutáxenos para incluír novas substancias, establecer plans nacionais específicos sobre substancias como o gas radón ou poñer en marcha un Plan de Acción Estatal para erradicar todas as fontes de amianto existentes que inclúa a elaboración dun rexistro rigoroso e exhaustivo de edificios e instalacións que conteñan amianto, así como establecer un fondo de indemnización das vítimas de amianto.



53 DÍAS DE FOLGA NA ZONA AZUL DE VIGO

Redacción.- Os traballadores da empresa Domier, a adxudicataria do servizo da ORA en Vigo, levan xa 53 días de folga indefinida.

As dependencias da empresa continúan pechadas e dende FeSMC-Vigo maniféstase que non hai ningún tipo de contacto coa empresa dende que se levantaron da mesa de negociación.

Dende a Federación informan que se manterá esta folga ata que non se solucionen os problemas laborais que hai nesta empresa.

EMPREGO E PRECARIIDADE CAMIÑAN DA MAN

A taxa de temporalidade está de novo en valores elevadísimos, do 26,6%; 11.100 asalariados teñen contratos que duran menos dun mes; e a taxa de parcialidade involuntaria xa acada en Galicia os 56,6 puntos

Redacción.- Un trimestre máis, os datos da EPA amosan que, aínda que baixa o paro, o emprego que se crea ten un carácter marcadamente estacional, precario e en moitos casos parcial. Por isto, UGT-Galicia considera que chegou o momento de que as administracións, o Goberno central e a Xunta, encaren o problema do emprego xa non só dende unha perspectiva cuantitativa, senón dende un punto de vista cualitativo. Urxe apostar por emprego digno e de calidade para todos, que permita aos traballadores e ás súas familias vivir nunhas condicións dignas.

Para abrir este camiño, urxe a derrogación das reformas laborais impostas, tanto a de 2010 como a de 2012, e a implantación e desenvolvemento inmediato de medidas que persigan a temporalidade inxustificada, o “tempo parcial ficticio”, os “falsos autónomos”, as horas extras non pagadas e as desigualdades no traballo.

Tampouco se está a corrixir o problema do paro estrutural. En Galicia hai 74.200 persoas desempregadas que levan máis dun ano na procura de emprego e 53.500 que xa levan dous anos.

Por todo elo, UGT-Galicia insiste na necesidade de deseñar uns Orzamentos para o 2019 que prevean un auténtico plan de choque polo emprego, que contemplan políticas activas de emprego dende o público, así como a mellora da protección das persoas, tendo como obxectivo a creación de emprego de calidade e con dereitos. Todo elo é necesario para que se encare unha recuperación sostible, para todos e permitindo a diminución dos niveis de desigualdade e pobreza.

As cifras ofrecidas este xoves pola EPA apuntan a un aumento da ocupación en Galicia do 1,92%, 20.700 persoas ocupadas máis no trimestre. En relación ao mesmo trimestre do ano anterior, a ocupación medra nun 2,23%.

Así, en Galicia as cifras de ocupación sitúanse en 1.096.500 persoas, no 47%, unha porcentaxe aínda afastada dos valores superiores ao 50% que se rexistraban antes da crise.

Menor dinamismo do mercado laboral galego

O paro cae no terceiro trimestre de 2018, en relación ao anterior, en 22.100



persoas, no 12,6%. No ano a baixada é do 15,82%. Hai 153.000 persoas desempregadas en Galicia e a taxa de desemprego sitúase no 12,2% en Galicia e no 14,55% no resto do Estado. Non significa isto que o mercado laboral galego teña un mellor comportamento, senón que rexistra un menor dinamismo porque está inmerso nun profundo cambio estrutural pola caída poboacional e, especialmente, da poboación activa.

74.200 persoas levan máis dun ano no paro e 53.500 máis de dous

Hai 74.200 persoas desempregadas que levan máis dun ano na procura do emprego e, destes, 53.500 levan máis de dous anos.

No ano Galicia perde 6.500 persoas maiores de 16 anos

Aínda que as cifras de desemprego son as propias do trimestre, polo valor estacional das contratacións estivais, tamén é certo que de xeito estrutural conséntase a persistencia da diminución da poboación de 16 ou máis anos, no ano en 6.500 persoas, cada vez hai menos poboación. Galicia ten un grave problema demográfico.

53.000 vivendas teñen a todos os activos no paro e en 32.200 non hai perceptores de ingresos

En relación á situación das familias, a EPA indica que as vivendas nas que todos os activos están no paro son en Galicia 53.000 e en 32.200 non hai perceptores de ingresos. Valores insostibles se se comparan cos rexistrados no terceiro trimestre de 2009, 44.800 e 19.700, respectivamente.

A estacionalidade do mercado laboral

galego conséntase na evolución da ocupación por sectores. No trimestre aumenta nos servizos, 2,4%, e no primario, o 9,5%. Pero cae na industria e na construción.

Con respecto a hai un ano, prodúcese un forte aumento nos servizos, do 5,3%, 39.500 ocupados máis. Pero cae no primario, o 10,22%; na industria, o 4,84%; e medra na construción o 1,5%.

Mulleres e persoas mozas, as máis prexudicadas

Por xénero, de novo conséntase a peor situación das mulleres. A taxa de paro entre os homes en Galicia é do 11,1% e do 13,4% no caso das mulleres. E os menores de 25 anos soportan taxas de paro xa do 30,5%.

A taxa de temporalidade é xa de 26,8 puntos e a de imparcialidade involuntaria de 56,6

Como consecuencia da inestabilidade do mercado laboral imposto e das reformas laborais, a taxa de temporalidade está de novo en valores moi elevados, en 26,8 puntos.

E, os contratos temporais son cada vez máis precarios. Do total dos 235.400 asalariados que hai en Galicia con contrato temporal, 2.800 asinan contratos de tan só un día e 11.100 de menos dun mes.

A parcialidade tamén é outra característica do mercado laboral galego que xa afecta ao 12,7% dos ocupados, 139.500 persoas. Pero é que deste total, o 56,6%, 79.000 persoas, teñen un contrato a tempo parcial porque non atopan algo mellor, é dicir, trátase dunha imparcialidade involuntaria.

MARCHA OBREIRA O VINDEIRO LUNS NA CORUÑA CONTRA O PECHE DE ALCOA

URXE CREAR UNHA MESA TRIPARTITA PARA ABORDAR O FUTURO DE ALCOA E DA INDUSTRIA ELECTROINTENSIVA

Redacción.- Os sindicatos CCOO e UGT reclaman ao Ministerio de Industria abrir un espazo de discusión no que se busquen fórmulas que garantan o emprego e a actividade en Avilés e A Coruña

UGT FICA e CCOO de Industria entenden que o sector do aluminio é un eixo fundamental e estratéxico da industria. Por iso, rexeitan o expediente que Alcoa presentou para as plantas de Avilés e A Coruña e esixen a súa retirada. Cren que a multinacional debe reconsiderar a súa posición ou buscar alternativas que manteñan a actividade. Na reunión que se celebrou esta semana no Ministerio de Industria, os sindicatos esixiron a apertura dunha mesa tripartita, na que os gobernos autonómicos e central, a empresa e os axentes sociais busquen fórmulas que garantan o emprego e a súa viabilidade.

Arrincaba na sede do Ministerio de

Industria a reunión que mantiveron os sindicatos UGT FICA e CCOO de Industria; as comunidades autónomas de Asturias e de Galicia; a dirección de Alcoa e o secretario xeral de Industria. Abordaron o anunciado peche das plantas que a multinacional do aluminio ten en Avilés e A Coruña e recibiron a proposta sindical de traballar xuntos na procura dunha solución.

Ás dúas organizacións sindicais párecelles fundamental a implicación das administracións para avanzar no establecemento de medidas que permitan competir á industria, especialmente, á electrointensiva, en igualdade de condicións que no resto de Europa, o que evitaría procesos de deslocalización e de desmantelamento como o que expuxo Alcoa.

CCOO de Industria e a Federación

de Industria, Construción e Agro de UGT reclamaron ao secretario xeral de Industria que cre canto antes unha mesa tripartita na que participen tanto os sindicatos como o Goberno central e os autonómicos. Completaría a mesa a multinacional Alcoa.

Continúan as mobilizacións

Mentres, tanto, os traballadores contiñan coas mobilizacións e o vindeiro luns, día 29, convocaron na Coruña unha Marcha obreira na que saíran ás 17.30 da factoría, co uniforme de traballo, facendo unha parada na Praza da Palloza onde se unirán os familiares, amigos e todos aqueles que desexen amosar o seu apoio e o seu rexeitamento ao peche da factoría.

Despois, saíran todos en manifestación ata a Delegación do Goberno.

ÉXITO DA PRIMEIRA XORNADA DE FOLGA EN PRISIÓNS

Redacción.- Os traballadores de prisións participaron masivamente na primeira xornada de folga convocada o día 24, á que lle sigue a que están protagonizando no día de hoxe.

E que se verán acompañadas das convocadas para os días 6, 8, 13 e 15 de novembro en todos os centros penitenciarios para demandar e instar ao Goberno a recuperar o diálogo e desbloquear o conflito laboral que se mantén dende hai máis dun ano.

Ademais da folga, tamén protagonizaron concentracións ás portas das instalacións penitenciarias.

Os traballadores demandan unha negociación real, tras a proposta pre-

sentada pola Administración o pasado día 25 de setembro e que foi retirada tan só tres días despois baixo o argumento de restricción orzamentaria.

Así, os traballadores demandan que se recupere esta primeira oferta e se abra un proceso negociador ao redor da mesma.

Ademais, demándase solucionar os graves problemas que están a sufrir os traballadores das institucións penitenciarias, para o que urxe poñer medidas para garantir a seguridade e saúde;

unha oferta de emprego público axetada para recuperar as plantillas e os postos de traballo; e dotar dos medios necesarios para o desenvolvemento correcto do traballo do día a día.



INDULTO PARA CARLOS E SERAFÍN, XA!

Redacción.- Vigo continúa mobilizándose para demandar o indulto para Carlos e Serafín, xa.

Como cada xoves último de mes centos de persoas concentráronse na cidade olívica para denunciar que, despois de todo o tempo transcorrido, Carlos e Serafín, só por ter participado nunha folga do seu sector, están condeados e non se lle da solución á demanda de indulto presentada.



A SENTENZA DO TC SOBRE O PERMISO DE PATERNIDADE, UN PASO ATRÁS EN IGUALDADE

Redacción.- O Tribunal Constitucional ven de ditar unha sentenza que dá un paso atrás no avance da igualdade entre mulleres e homes e que, desde o punto de vista de UGT, non é acorde co principio de igualdade recollido no art. 14 da Constitución Española (CE). O Pleno do TC desestimou así o recurso de amparo presentado por un pai de familia e a asociación Plataforma por permisos iguais e intransferibles de nacemento e adopción contra unha sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Madrid, que denegara que o permiso de paternidade fose equiparable ao de maternidade.

Non hai ningunha razón que xustifique a diferenza entre o permiso de maternidade e de paternidade, excepto o período de recuperación para a saúde tras o parto, posto que as tarefas de coitado dos fillos/ as poden realizalas por igual pais e nais.

O transfondo da cuestión non é baladí se temos en conta que a regulación do actual permiso de maternidade e o posterior de paternidade arrastra unha importante desigualdade baseada na división sexista do traballo e a atribución de roles de xénero a un e outro sexo.

UGT reitera que, salvo o embarazo e o parto, que son feitos biolóxicos que diferencian a mulleres e homes, o resto non

debe ter un tratamento normativo diferente e, por tanto, o permiso de paternidade e maternidade, na parte que corresponde ao coitado e atención do menor, debe ter unha duración idéntica para pais e nais. O contrario implica a perpetuación da discriminación da muller no mundo laboral. Son as mulleres as que teñen maiores obstáculos e menores oportunidades que os homes para acceder, promocióname e manter un emprego. Estar en idade fértil ou ter responsabilidades familiares afecta negativamente as mulleres, no ámbito laboral, mentres que aos homes non lles afecta en absoluto e se o fai é sempre en sentido positivo.

UGT comparte o voto particular da maxistrada que difire do fallo do Tribunal, ao sinalar que este permaneceu alleo a unha realidade moito máis complexa da que se contén na sentenza e que proporcionaba unha ocasión excepcional para analizar o impacto negativo que teñen parte desas medidas garantistas do fenómeno da maternidade no tratamento



igualitario das mulleres no mercado laboral.

Para o sindicato, non só se trata dunha sentenza que ignora o efecto de discriminación indirecta que ten para as mulleres a actual regulación deses permisos, senón que supón un paso atrás na igualdade, e na interpretación do art. 14 da CE, en clara contradición coa natureza e o espírito do principio de igualdade e non discriminación por razón de sexo.

Para que o art. 14 da CE convértase nunha realidade, neste aspecto, é necesario que a normativa estableza medidas de incentivo da corresponsabilidade no coitado dos fillos e fillas.

O CONSTITUCIONAL PON EN VALOR A FUNCIÓN SOCIAL DA VIVIENDA

Redacción.- A Unión Xeral de Traballadores valora a sentenza do Tribunal Constitucional 97/2018, do 19 de setembro, onde se reitera a función social que desempeña a vivenda como necesidade vital para o ser humano, por canto condiciona o goce doutros dereitos esenciais para levar unha vida digna.

O Alto Tribunal rexeita así o recurso de inconstitucionalidade interposto polo PP fronte á Lei 3/2015, do 18 de xuño, de Vivenda do País Vasco, aprobada a iniciativa do PSE, EH Bildu e UPyD e coa oposición de PP e PNV.

Desta forma, a sentenza sinala que o feito de que unha vivenda non cumpra esa función social faculta ás administracións públicas a intervir nunha adquisición preferente, nun desafuzamento administrativo, nun aluguer forzoso ou en multas, entre outros.

UGT lembra que a Lei configura o “uso adecuado dunha vivenda” entendido como a utilización “acorde á súa función social, de modo que non se produzan situacións inxustificadas de vivenda deshabitada ou sobreocupada”, entendendo esta “se está desocupada de forma continuada, durante un tempo superior a dous anos, sen causa algunha que poida xustificar a súa non utilización”.

Pola contra, o Alto Tribunal declarou inconstitucionais os supostos relativos á expropiación temporal do uso de vivendas en supostos de persoas en situación de emerxencia social inmersos en procesos de desafuzamento por execución hipotecaria ou por falta de pagamentos no aluguer.

Para o sindicato, esta sentenza supón un paso na boa dirección ao asignar

á vivenda un valor de uso e desposuído do carácter de instrumento de investimento e de procura de rendibilidade, apostando por un maior impulso, por parte das administracións públicas, para conseguir un Parque de Vivenda Social destinada, preferentemente, ao aluguer, ademais de implementar unha política de prezos de aluguer públicos e unha política de chan que teña o principio de dereito de superficie como instrumento principal das súas políticas de vivenda.

Para UGT, resulta imprescindible poñer en valor o grave problema de acceso á vivenda e buscar solucións habitacionais a aquelas familias vítimas de desafuzamentos. Por iso, o sindicato reclama ao Goberno a necesidade de legislar, mediante unha norma básica, para acabar cos cidadáns de primeira e de segunda segundo onde residan ou o poder adquisitivo que teñan.

UGT ESIXE XULGADOS ESPECIALIZADOS EN SINISTRALIDADE LABORAL

Redacción.- Segundo a comparación dos accidentes ocorridos en 2016 e 2017 na Memoria da Fiscalía Xeral do Estado de 2018, conclúese que “se no 2016 considerabamos as cifras como “contraditorias” debido a que mostraban un “efecto tobogán” (os accidentes mortais baixaban, mentres que tanto os accidentes graves e leves sufrían un incremento), os datos do ano 2017 tristemente confirman un ascenso nas tres categorías, falecidos, lesionados graves e leves”.

Na propia Memoria engádesse: “pódese afirmar que, tras uns anos de control e descenso da sinistralidade laboral, é un feito que volvemos estar nunha paulatina e gradual liña de ascenso”. Durante 2017 incoáronse 190 causas por homicidio en accidente laboral nos Xulgados de Instrución, son 29 causas máis que en 2016. No caso dos procedementos incoados por lesións en accidente laboral, rexistráronse 12.485 causas en 2017, son 1.917 causas máis que en 2016.

As sentenzas ditadas polos Xulgados do Penal foron 579 en 2017, mentres que en 2016 ditáronse 611, o que supón un descenso de 32 sentenzas. Destas 579 sentenzas, na Memoria só son analizadas 477.

As causas dos accidentes sobre os que se ditou sentenza condenatoria son: 127 casos debido a caídas en altura e 40 por esmagamentos, característicos da construción. Os atrapamentos rexistraron 40 casos, habituais

na industria, 25 accidentes por caídas de obxectos, 5 por electrocución, 13 derrube de gabias e en cifras inferiores envorco de vehículo, atropelo e explosión.

Por outra banda, foron estudadas 187 sentenzas absolutorias, das que 100 pertencen ao sector da construción, 26 a industria, 11 ao sector agrario e 42 a servizos.

Segundo a Fiscalía, “A media de tempo para ditar sentenzas condenatorias é de 6 anos e 3 meses respecto da data do accidente. Este longo lapso de tempo implica, ademais unha maior dificultade para celebrar o xuízo e soste o escrito de acusación ante a eventual falta de localización de acusados e testemuñas e a lóxica falta de precisión das súas declaracións tantos anos despois de ocorridos os feitos”.

A media de prazo para ditar sentenza absoluta desde a data do accidente foi de 6 anos e 6 meses, fronte aos 7 anos do 2016. Para finalizar, dicir que un accidente laboral que esgota a vía xudicial, ten unha media de duración de 7 anos e 3 meses.



Axilizar os prazos

Desde UGT consideramos inaceptable estes prazos, polo que solicitamos que, desde a Administración, tómense medidas urxentes para diminuír drasticamente estes tempos de espera tan perniciosos para as vítimas de accidente laboral, as súas familias e para a xustiza en xeral, pola desprotección e o desamparo que supón para os traballadores e traballadoras que sufriron un accidente laboral.

Ademais, para o Sindicato é fundamental a creación dos xulgados especializados en sinistralidade laboral, acción requirida e promovida pola propia Fiscalía e que está pendente do ditame do Consello Xeral do Poder Xudicial. A creación destes xulgados especializados en sinistralidade laboral, sen dúbida, redundaría na mellora da investigación dos accidentes de traballo. Moitos destes acaban en sobresemento da causa, dada a complexidade destes asuntos.

OS SINDICATOS RENOVARÁN O 58% DA REPRESENTACIÓN EN 16 MESES

Redacción.- Entre setembro de 2018 e decembro de 2019 terá lugar o proceso de maior concentración de eleccións sindicais e a Unión Xeral de Traballadores marcouse como obxectivo prioritario elevar a súa representatividade ata o 34%, recortando en 2.000 delegados a súa diferenza respecto a CCOO, segundo declarou en rolda de prensa o secretario de Organización de UGT, Rafael Espartero.

“As eleccións sindicais –indicou Espartero– son unha reválida que os sindicatos facemos ante os traballadores cada catro anos desde fai catro décadas”. En 2017 UGT gañou as eleccións por primeira vez nos últimos doce anos, unha tendencia que se mantén polo momento durante este ano”.

No ano 2016 elixíronse un total de 49.345 delegados e delegadas, dos que UGT obtivo 17.388 (un 35,2% da representación). En 2017 os representantes elixidos foron 39.271, dos que UGT obtivo 14.512 (un 37% da representación), quedando por encima de CCOO en dúas das tres federacións do Sin-

dicato –FICA e FESMC– cun saldo positivo de 123 e 205 delegados e delegadas, respectivamente. En canto ao que levamos do ano 2018 (ata o 15 de outubro–aínda cunha parte moi importante dos procesos abertos–) elixíronse 31.954 delegados, dos que UGT obtivo 10.800, un 33,79%. Por CCAA, os datos sitúannos por encima de CCOO en Canarias, Aragón, Galicia, Cantabria, Baleares, Extremadura, Cataluña, e Ceuta e Melilla.

Nas eleccións sindicais o censo electoral está composto polas 184.296 empresas con máis de 9 traballadores que –segundo datos do Ministerio de Traballo a setembro de 2018– empregan a 10.836.016 millóns de traballadores e traballadoras. No período electoral que agora está a comezar preto de 7 millóns deses traballadores (incluída unha parte dos empregados públicos) elixirán ao redor de 158.447 representantes, o 58,21% dos 272.181 delegados e delegadas con mandato vixente neste momento.

“Agora tócache. Elixer”

Pola súa banda, o director de Comunicación de UGT, Rafael Fernández, presentou a campaña de comunicación que acompañará este proceso electoral, unha campaña con vocación transversal cuxo lema –“Agora tócache. Elixer”– sitúase na reivindicación fundamental de UGT neste momento, que é “a repartición da riqueza que estamos a xerar co crecemento económico. Se as empresas empezan a ter máis beneficios que antes da crise, se os salarios dos executivos están a subir, se o ciclo económico é positivo, os traballadores teñen dereito a participar, con mellores salarios e recuperación dos dereitos perdidos”.

Paralelamente, segundo Fernández, desenvolverase unha campaña de afiliación centrada en reivindicar a lexitimidade representativa das organizacións sindicais, o traballo que realizou UGT en máis de 130 anos de historia para mellorar as condicións laborais e lembrar que a mellor garantía para facer avanzar as reivindicacións é contar con organizacións sindicais fortes.

LEXISLAR PARA APROVEITAR AS NOVAS TECNOLOXÍAS SEN DEIXAR A NINGUÉN ATRÁS

Redacción.- O secretario de Política Sindical de UGT, Gonzalo Pino, presentou, xunto ao colaborador do sindicato e experto en dixitalización, José Varela, o estudo “Impacto da automatización no emprego en España”, onde o sindicato tratou de achegar distintos estudos para analizar a repercusión das novas tecnoloxías no mercado de traballo do noso país.

Desta forma, Pino sinalou que “os estudos que contemplan o impacto da revolución dixital no emprego en España son escasos, alcanzan conclusións moi polarizadas e, na maioría das ocasións, absolutamente contrarias e irreconciliables. Para UGT, a dixitalización como factor disruptivo no mercado de traballo supón un factor de estudo importante e, por iso, o sindicato está a intervir en todas as súas fronteiras, desde a formación (co acordo con Google para facilitar a inclusión dixital a todos os nosos afiliados/as) ata o emprego (como a loita contra as plataformas dixitais), pasando polo dereito á desconexión ou a denuncia da escasa transformación dixital nas empresas”.

Para Gonzalo Pino, o estudo destaca que “o desenvolvemento da revolución tecnolóxica terá consecuencias en millóns de empregos en España. Vai producir unha perda na calidade do mesmo, un alto incremento da desigualdade e un forte aumento da polarización”, afirmou. En este mesmo sentido foi José Varela, que resaltou que, a pesar de que algúns estudos din que as novas tecnoloxías poden chegar a crear emprego, “a xeneralidade é que se poden perder entre 1 mi-

llón e 6,7 millóns de empregos de aquí a 2030”.

Ademais, Pino considerou necesario “lexislar para, por unha banda, aproveitar a gran oportunidade que nos ofrecen as novas tecnoloxías para aumentar a produtividade e a competitividade e, por outro, suavizar calquera impacto negativo que poida ter no emprego; e formar aos traballadores en competencias dixitais, co fin de reducir os niveis de desigualdade entre os traballadores e aumentar a empregabilidade”.

Para o secretario de Política Sindical de UGT, é imprescindible “conseguir que este proceso tecnolóxico reverta en progreso e prosperidade para todos, aumentando os niveis de emprego de calidade, produtividade, xustiza, igualdade e inclusión social”.

Por iso, considerou que, a curto prazo, é imprescindible “desenvolver un Plan Nacional de Inclusión Tecnolóxica que non deixe a ninguén atrás; actualizar a educación ás demandas actuais do mercado de traballo; confectionar políticas activas de emprego que formen aos traballadores nas novas tecnoloxías; incluír na negociación colectiva a necesidade de analizar o impacto no emprego que trae esta revolución dixital; e crear o dereito á formación continua no posto de traballo para estas ferramentas”.

A medio prazo, reclamou “reducir paulatinamente a xornada laboral e a vida laboral a



medida que o emprego se vai automatizando, chegando ás 32 horas semanais (4 días de xornada laboral) sen reducir o salario; e promocionar o emprego naqueles sectores que se beneficiarían directamente da redución da xornada laboral, como os relacionados coa saúde e os coidados, o lecer ou a ecoloxía”.

E, a longo prazo, considerou necesario desenvolver “novos impostos asociados ás novas tecnoloxías, o que se chama “Robotaxa”, co fin de repartir de maneira máis igualitaria a riqueza que se xera na empresa grazas á inclusión das tecnoloxías; e poñer en marcha novos sistemas de rendas para aqueles traballadores que non poidan adaptarse a esta nova realidade”. Todo iso, como considerou, desde o diálogo social e parlamentario, articulado no marco dun novo Contrato Social que poida potenciar os alicerces básicos do Estado de Benestar e asegure unha calidade de vida digna para os nosos cidadáns e cidadás”.

OS PLANS DE IGUALDADE, FERRAMENTAS PARA A INSPECCIÓN

Redacción.- “Para UGT, a igualdade é un dereito fundamental pero tamén é unha cuestión de xustiza. Os homes e as mulleres somos iguais pero temos que ser conscientes de que esa igualdade ten que empezar no ámbito laboral, e ese é o noso ámbito”.

A vicesecretaria xeral de UGT, Cristina Antoñanzas, realizou estas declaracións durante a inauguración das Xornadas “O meu plan é a igualdade, e o teu?”, organizadas por UGT para debater sobre distintas cuestións relativas á igualdade, tales como a brecha salarial de xénero, o teito de cristal, conciliación ou os plans de igualdade nas empresas.

Manifestou que “a igualdade é unha prioridade para o sindicato e hai que traballar para conseguila cada día, senón conseguiremos a igualdade no ámbito laboral nunca conseguiremos a igualdade no ámbito social e, por iso, para nós, é imprescindible que os

plans de igualdade se implementen nas empresas”.

Antoñanzas subliñou que, a pesar de que Lei de Igualdade foi pioneira e un marco de referencia importantísimo, “é necesario avanzar no seu desenvolvemento regulamentario porque queda curta en cuestións como o feito de que non sexa obrigatorio acordar os plans de igualdade cos representantes dos traballadores, xa que en moitos casos as empresas encárganos a unha consultora e nin se pode participar en establecer o diagnóstico sobre a situación da empresa, algo fundamental para introducir medidas efectivas para eliminar a discriminación”.

“Cuestións tamén, como a importancia de rexistrar os plans de igualdade, para saber que medidas inclúense e cales non ou o feito de que os plans de igualdade sexan obrigatorios en empresas de máis de 250

traballadores -no noso país hai ao redor de tres millóns e medio de empresas, pero só 4.500 empresas teñen máis de 250 traballadores- deixa fóra da súa marxe de actuación a unha porcentaxe moi ampla de traballadoras e traballadores”.

“Estas son cuestións” explicou, “que se deben mellorar e, por iso, expuxémoslas a este novo Goberno”.

“Para UGT, é fundamental unir os plans de igualdade aos convenios colectivos porque os plans de igualdade son negociación colectiva e os negociadores de ambos deben ir da man. É imprescindible recuperar o papel da negociación colectiva e recuperar o equilibrio de forzas coa patronal que perdemos coa reforma laboral do PP, pero é que, ademais, é necesario que os plans de igualdade teñan uns contidos mínimos, entre outros casos para darlle ferramentas á Inspección de Traballo”, finalizou.